



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 9 de maio 2023

O CRDORS tramitou axudas de reestruturación e reconversión da viña para unha superficie de 11,348 Ha

No DOGA do 27 de marzo publicábase a Orde da Consellería do Medio Rural, na que se establecen as bases reguladoras das axudas **á reestruturación e reconversión da viña en Galicia**.

Ata o 24 de abril os viticultores inscritos no rexistro da D.O. Ribeira Sacra tramitaron as axudas na sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Así foron **5 empresas e 2 particulares** os que solicitaron estas axudas para unha superficie de **11,348 Ha** (10,0034 Ha para replantación, 1,1915 Ha inxertadas e 0,1531 para cambiar o sistema de condución). Todas as solicitudes refírense á reestruturación con variedades brancas.

Estas achegas, ás superficies vitícolas onde se leven a cabo operacións de replantación de viñas, reconversión varietal e/ou melloras das técnicas de xestión das viñas, buscan aumentar o grao de profesionalización do sector vitícola galego, potenciase o cambio xeracional e un desenvolvemento rural.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirosacra.org